

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de outubro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as oito horas

trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— María del Carmen Varela Cuñarro

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 23 de setembro de 2024 (RE-E núm. 526), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA DEL CARMEN VARELA CUÑARRO
DNI	██████████
DOMICILIO	BADALONA (BARCELONA)

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE PARCELA
LUGAR	A PENELA
PARROQUIA	PEDROSO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A057001700000PJ
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (proxecto técnico redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, en data 19/0724)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	4.449,26 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOUS (2) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 04/10/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- A eficacia da comunicación queda condicionada ao cumprimento dos condicionantes esixidos polos organismos con competencias sectoriais que emitiron autorizacións e/ou informes no expediente.

Cuarto.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de OITENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (88,99 €).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### ***3.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3)***

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 28 de agosto do corrente, solicítouse á Deputación Provincial a modificación do acordo de concesión de subvención con cargo á Liña 3 – Activación do Emprego 2024 – do Plan Máis Provincia 2024, relativo á modificación do perfil profesional inicialmente subvencionado de monitor-socorrista polo de “*auxiliar administrativo*”. A Xunta de Goberno da Deputación, en data 4 de outubro de 2024, autorizou a modificación da subvención solicitada (RE núm. 1646, do 08/10/24). Cómpre, en consecuencia, proceder á convocatoria pública para a provisión de dito posto de traballo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a provisión dun posto de traballo de auxiliar administrativo.

Segundo.- Aplicar ao proceso de selección as bases e baremo aprobados por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 21 de febreiro de 2024 para o posto de traballo substituído, coas seguintes adaptacións:

Denominación do posto ofertado:

- *Auxiliar administrativo a tempo parcial (30 h/semana).*

Duración do contrato:

- *Ata o día 31 de decembro de 2024.*

Retribucións:

- *1.127,00 € brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*

Titulación:

- *Ciclo medio de FP en Xestión Administrativa.*

Terceiro.- Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Tamara García Fuentes, traballadora social.  
José Carballo Suárez, administrativo.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

#### ***4.- BASES, TRIBUNAL E BAREMO PARA A PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS”***

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro do corrente, resolveu outorgar ao Concello a condición de entidade colaboradora do proxecto “+Emprega nos concellos”, e conceder unha subvención, por importe de DEZASEIS MIL OITOCENTOS EUROS (16.800,00 €), para a contratación laboral dun/ha traballador/a, de conformidade co

solicitado no seu día polo Concello, por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 20 de agosto do corrente, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria realizada pola Deputación Provincial, en réxime de concorrencia non competitiva, do proxecto “+Emprega nos concellos” para financiar contratos formativos (BOP núm. 152, do 06/08/24).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a provisión do posto de traballo subvencionado.

Segundo.- Aprobar as bases, tribunal e baremo de selección para a provisión de dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do proxecto “+Emprega nos concellos” da Deputación Provincial, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Terceiro.- Aprobar o plan formativo individual, que se incorporará como anexo ao contrato, e designar como titora á educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez.

#### ANEXO

#### BASES E BAREMO PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO/A TRABALLADOR/A A CONTRATAR AO ABEIRO DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS”

#### BASES

OBXECTO: O obxecto das presentes bases e baremo é a selección do/a traballador/a a contratar polo Concello para o proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS”, de conformidade coas bases reguladoras aprobadas pola Deputación Provincial e publicadas no BOP núm. 152, do 6 de agosto de 2024.

#### DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS:

- 1 terapeuta ocupacional adscrito ao Departamento de Servizos Sociais.

TIPO DE CONTRATO: Contrato de formación para a obtención da práctica profesional.

XORNADA: 37,5 horas/semana

DURACIÓN DO CONTRATO: Un (1) ano.

SALARIO: 1.567,34 € brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras e complementos.

REQUISITOS:

- Os xerais da Lei.
- Previa preselección polo Servizo Público de Emprego (SPE).
- Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación: Grao en Terapia Ocupacional.
- Cumprir os requisitos establecidos nas Bases do Proxecto, particularmente os recollidos na Base cuarta.
- Presentar, xunto coa solicitude de participación no modelo oficial que será facilitado polo Concello, a seguinte documentación:
  - ✓ DNI.
  - ✓ Titulación requirida.
  - ✓ Certificación académica oficial.
  - ✓ Vida laboral actualizada.
  - ✓ Certificado histórico de empadronamento.

FORMA DE ACREDITACIÓN: Orixinal ou copia auténtica da documentación acreditativa.

A documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo deberá ser presentada no Concello no prazo máximo de CINCO DÍAS NATURAIS, contados a partires do seguinte ao día fixado polo SPEG para a súa presentación no Concello.

TRIBUNAL

O Tribunal cualificador estará integrado polas seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar.

María Lara Hermida Fernández, traballadora social.

SECRETARIO (con voz e sen voto): O do Concello ou funcionario en quen delegue.

BAREMO

Para a puntuación e selección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado aplicaranse integramente os méritos correspondentes aos criterios de selección establecidos no Anexo III das Bases reguladoras do proxecto (BOP núm. 152, do 06/08/24).

FORMA DE ACREDITACIÓN: Orixinal ou copia auténtica da documentación acreditativa.

## 5.- APROBACIÓN DAS BASES DO II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MULLER RURAL: DE ONTE E DE HOXE

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que as Concellerías-Delegadas de Cultura e de Igualdade veñen de organizar, co gallo da celebración o vindeiro día 15 de outubro do “*Día da Muller Rural*”, un concurso de fotografía que ten como obxectivo por en valor e recordar a importancia do papel da muller no pasado e no presente do mundo rural.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases do concurso, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de DOUSCENTOS VINTE E CINCO EUROS (225,00 €), co cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, para o abono dos premios establecidos nas bases para os gañadores do concurso.

### ANEXO

#### BASES DO II CONCURSO FOTOGRAFÍA MULLER RURAL: DE ONTE E DE HOXE

Primeira.- Sobre a participación

O día 15 de outubro celébrase o día da muller rural polo que dende a Concellería de Cultura e a Concellería de Igualdade lánzase esta iniciativa aberta a todas as veciñas do Concello de Rodeiro.

Segunda.- Sobre as características dos traballos a presentar

Recreación dunha fotografía antiga. Escolles unha foto antiga, anterior ao ano 2003, onde saias ti mesma ou unha familiar e sácaste outra representándoa no mesmo lugar e a mesma escea.

Poderán participar mulleres de calquera idade, de forma individual ou en grupo. Non se admitirán fotomontaxes.

Obxectivo do concurso:

Por en valor e recordar a importancia do papel da muller no pasado e no presente do mundo rural, resaltando en imaxes o inmenso traballo que realizaron ao longo dos anos.

Valórase:

A orixinalidade da recreación.

A vinculación co medio rural Cambote, tanto da idea, como das persoas que aparecen nas fotografías.

Cada participante poderá presentar unha soa recreación, que deberá ter un título.

Entregarase a orixinal e a recreación.

A participación no concurso leva implícito a aceptación das condicións do mesmo e a exposición ao público das fotografías presentadas.

Terceira.- Sobre a presentación

Poderase entregar fotografías dende o día 15 ata as 23:59 h do día 24 de outubro no correo electrónico [biblioteca@rodeiro.gal](mailto:biblioteca@rodeiro.gal) ou no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares". Poderase votar os días 28 e 29 de outubro.

A eleccións das mellores farase mediante votación a través dun formulario na páxina web oficial do concello.

As mellores proxectaranse nun espazo público e aberto, na web municipal e imprimiranse para a súa exposición itinerante.

Tras as votacións daranse a coñecer as fotografías premiadas nun acto público no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares".

Cuarta.- Votación.

A votación levarase a cabo de maneira telemática empregando un enlace que se publicará na páxina web.

Quinta.- Sobre a valoración dos traballos e a concesión dos premios.

Premios para a máis votada: 100€.

Premio para a segunda máis votada 75€.

Premio para a terceira máis votada 50€.

Ás premiadas entregaráselles un vale polo valor do premio para gastar no comercio local.

Sexta.- Disposición adicional

A participación no concurso supón a conformidade e aceptación das presentes bases. Calquera situación non prevista nas presentes bases e a súa interpretación no caso de dúbida será resolta polas Concellerías de Igualdade e Cultura.

## 6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- XUNTA DE GALICIA 14,73 €  
Por taxa de autorización de certame gandeiro, s/cargo.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 7.150,62 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de agosto de 2024, s/recibos.

- NATURGY IBERIA S.A. 2.957,79 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de agosto de 2024, s/recibos.
- FERRODEIRO S.L. 1.032,93 €  
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 002198.
- CITELFO S.L. 484,00 €  
Por subministro de postes para puntos de alumeadado público, s/factura núm. 122 (FACe).
- MANUELA ÁGUILA LAMAS 3.596,12 €  
Por construción de varandas para os lugares da Granxa e A Penela, e reparación da caseta do bus en Lamas, s/factura núm. 38.
- JOSÉ LUÍS FERREIRO DIÉGUEZ 1.089,00 €  
Por traballos de estabilización do cruceiro da Eirexe (Pedroso), s/factura núm. 202403.
- PLANET 8 GROUP S.L. 114,21 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. F24/415 (FACe).
- EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA S.A. 84,85 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 24IF000210 (FACe).
- EDICIÓNS LAIOVENTO S.L. 24,95 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 63/2024 (FACe).
- CARLOS GONZÁLEZ MEIJIDE 21,00 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. C0492024 (FACe).

- CUARTO DE INVERNO S. COOP. GALEGA 63,00 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 457-24 (FACe).
- EDICIONES OBELISCO S.L. 118,50 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 001/024317 (FACe).
- BELAGUA EDICIONES Y COMUNICACIÓN S.L. 18,00 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 24-35 (FACe).
- FOLLAS VOADORAS S.L. 115,70 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. A/337 (FACe).
- EDICIÓNS EMBORA S.L. 32,00 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. F24-332 (FACe).
- TÉCNICAS & GRAMAXE S.L. 39,00 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 2420/2420 (FACe).
- TRIQUETA VERDE S.L.U. 50,85 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. 240158 (FACe).
- EDITORIAL GALAXIA S.A. 33,45 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. EF-240216 (FACe).
- HÉRCULES DE EDICIONES S.L. 66,00 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal, s/factura núm. N24/1001 (FACe).

- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 834,90 € E 5.082,00 €  
Por transporte de zavorra para obras municipais, s/facturas núm. 21/2024 e 22/2024.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as oito horas corenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)